

Carlota, amiga

A poesía é, e cada vez máis, un xénero atraente para os primeiros lectores. A versatilidade que posúe e que lle permite expresar sentimentos ou ben narrar acontecementos, segundo precise a situación, sempre dotando ao texto dun ritmo e dunha musicalidade características e acordes co tema, e o emprego de rimas e toda sorte de recursos de repetición que facilitan a súa lectura, fai que o primeiro achegamento dos meniños e meniñas a este xénero, ás veces desbotado polas súas dificultades inherentes, non teña por que ser frustrante e pola contra poida desenvolverse con éxito.

Carlota e a gaivota patiamarela é un texto narrativo para o cal o seu autor, Miro Villar, escolleu o verso e non a prosa que, se cadra, é unha forma máis común para o discurso narrado. A acción vaise presentando en composicións non moi extensas que agrupan versos de sete sílabas na meirande parte dos casos, os cales grazas ao emprego da rima asoante fan que os lectores poidan aprezar a musicalidade e o ritmo que axudarán a axilizar a lectura.

A historia presenta un animal chamado Carlota, unha marmota, que un día pretende averiguar on-

Defensa do medio natural



PAULA FERNÁNDEZ

de chega o río por detrás dos penedos e cal é o segredo polo cal un río nunca será mar. Nesa viaxe na procura de respostas atopa unha gaivota, Lela a gaivota patiamarela,



dun mar de alcatrán á que axudará a fuxir desa cela, a cal lle axudará a descubrir a fermosura do mar mais tamén será a que lle

ensine a triste realidade que lle faga descubrir a existencia das mareas negras.

Semella despois de ler a obra que a presenza das últimas, e sobre todo da última, marea negra en Galicia sensibilizou especialmente aos autores de obras infantís e xuvenís, pois son moitas as obras que dende o afundimento do Prestige nas costas galegas insiren nas súas liñas referencias a esta sorte de agresións ao medio mariño.

Carlota ao se tratar dun ser que nunca saíra do río non comprende, polo que se deduce da inxenuidade das liñas, que é o que está a mirar. O único que se lle presenta nese intre é unha situación de perigo na que ten que buscar no máis fondo do seu enxeño para conseguir salvar a esa gaivota que así se converterá na súa amiga para toda a vida. Amósase así, dunha maneira doce, o incompreensible dalgúns acontecementos nunha obra que malia a súa brevidade trata temas tan importantes coma a defensa do medio natural ou o valor da amizade, ao tempo que xa se insiren formas se cadra máis complexas no proceso de adquisición de competencias lectoras.

VILLAR, Miro, *Carlota e a gaivota patiamarela* (ilustr. Enjamio), Ed. Xerais, Vigo, 2006, 29 páxinas